

# X certame de micro-escenas metro cadrado



## >BASES

### 1º FINALIDADE

A Asociación Cultural Telón e Aparte, organizadora do FIOT convoca o **X Certame de Micro-Escenas M<sup>2</sup>**. Con esta convocatoria preténdese apoiar a creación escénica de novos formatos e a compañías e creadores emerxentes ofrecendo un contexto privilexiado para a presentación e estrea de espectáculos, así como captar novos públicos e implicar aos espectadores e á cidadanía en proxectos escénicos.

O Certame de *Micro-Escenas M<sup>2</sup>* é un concurso de proxectos escénicos de pequeno formato concibidos para poñer en escena en espazos non teatrais nos que o público se situará a curta distancia dos intérpretes.

### 2º DESTINATARIOS

Poderán optar ao Certame todas as persoas físicas, grupos ou compañías teatrais que creen un espectáculo que cumpra as características que se establecen nestas bases.

### 3º CARACTERÍSTICAS DA OBRA E FORMATO

Os participantes deberán presentar unha proposta dramaturxica cunha duración de **entre 10 e 20 minutos** creada para representala en **espazos non teatrais de Carballo** determinados pola organización, e que busque a proximidade entre intérpretes e espectadores.

As propostas poderán ser tanto pezas orixinais como pezas xa estreadas, aínda que se terá en conta a **nova creación, a adecuación e a interacción cos espazos** ofertados e a **autoría propia**.

As propostas que concorran como estrea absoluta ao premio **non poderán ser representadas** publicamente en ningún outro espazo, festival ou evento **con anterioridade** á súa estrea oficial no FIOT. O incumprimento desta condición poderá supoñer a **exclusión do certame**.

As propostas textuais deberán estar prioritariamente en **lingua galega**.

As pezas poderán estar destinadas a público de calquera idade e estará **dirixida a un número de entre 1 e 25 espectadores**. Nos espazos ofertados especificanse as súas dimensións aproximadas, para que os participantes determinen o número de espectadores máximo que consideren.

### ESPAZOS OFERTADOS:

Parque-ximnasio (aprox. 10 m x 10 m)  
Xoiaría (aprox. 10 m x 3 m)  
Cuarto conserxes (aprox. 3 m x aprox. 3 m)  
Tenda de moda e decoración (aprox. 4 m x aprox. 4 m)  
Tenda de moda infantil (aprox. 2 m x aprox. 6 m)  
Tenda artigos de segunda man (aprox. 10 m x aprox. 6 m)  
Zapatería (aprox. 5 m x aprox. 4 m)  
Pastelería (aprox. 3 m x aprox. 3 m)  
Tenda complementos (aprox. 4 m x aprox. 4 m)  
Parque (aprox. 10 m x aprox. 10 m)  
Tenda de informática (aprox. 8 m x aprox. 9 m)

De precisar máis información sobre os espazos ofertados poden realizar as súas consultas no enderezo electrónico **fiot.microteatro@gmail.com** ou no facebook do festival.

Os participantes deberán xustificar o motivo da elección do espazo sendo este un criterio fundamental para a selección das pezas.

De existir algún imprevisto coa utilización dos espazos a organización buscará outro que se adecúe as súas necesidades.

### 4º DESENVOLVEMENTO DO CERTAME

A convocatoria desenvolverase en tres fases:

1.-Recepción das propostas - prazo de inscrición: **do 4 de maio ao 21 de xuño**.

2.-Selección das propostas por parte do xurado e comunicación aos seleccionados: Un xurado profesional valorará as obras recibidas e as seleccionadas daranse a coñecer antes do 10 de agosto.

3.-Exhibición: As representacións das pezas seleccionadas realizaranse entre **o 3 e o 31 de outubro**, preferiblemente en sábado.

Cada compañía ou grupo representará un mínimo de catro veces a súa peza, podéndose consensuar un número superior ou inferior dependendo da duración ou características desta. Todas as representacións terán lugar o mesmo día.

A organización do Certame concretará a data e o número de pases co responsable da peza seleccionada e coordinará con este as necesidades técnicas de son e iluminación.

Os participantes poderán adecuar o espazo segundo as necesidades da peza previo acordo coa organización e os propietarios deste.



### 5º SELECCIÓN DAS PROPOSTAS E COMPENSACIÓNS AOS SELECCIONADOS

O xurado seleccionará de 4 a 6 propostas dramaturxicas. O xurado poderá seleccionar pezas suplentes por se algunha das gañadoras non puidese realizar a representación.

As propostas seleccionadas deberán ser representadas no marco do FIOT, tras a actuación percibirán unha compensación económica de **500 €** retención e impostos incluídos, deberá presentarse factura ou recibí como actividade profesional, cuxa retención irá a nome do representante do grupo ou compañía ou dos seus membros.

A representación das propostas é condición imprescindible para a percepción do premio.

#### Premio do público

Ademais, todas as obras exhibidas serán valoradas polo público asistente mediante votacións e optarán a un dos seguintes premios:

- > 150 € Premio do público ao Mellor Espectáculo.
- > 150 € Premio do público á Mellor Interpretación

Ás compensacións polas representacións facturaranse coa aplicación dos impostos ou retencións fiscais correspondentes.

### 6º PRAZO, LUGAR E PROCEDEMENTO PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS

A inscrición realizarase enviando a solicitude ao enderezo electrónico [fiot.microteatro@gmail.com](mailto:fiot.microteatro@gmail.com) do 4 de maio ao 21 de xuño.

Xunto coa solicitude de participación do Certame achegarase a copia do DNI da persoa responsable do grupo ou compañía e o material complementario que considere (dossier, texto, fotografías, vídeos,...). Poderán inscribirse todas aquelas persoas físicas, grupos ou compañías onde todos os seus membros sexan maiores de idade.

No caso de grupos non constituídos xuridicamente deberán presentar unha relación asinada por todos os membros do grupo (segundo o modelo indicado pola organización) e nomear a un representante.

### 7º O XURADO

O xurado estará composto por diferentes persoas relacionadas coas artes escénicas. O xurado e a organización poderán declarar deserto algún premio e terán a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases con absoluta autoridade.

### 8º DEREITOS DE AUTORÍA E IMAXE

Todos os textos empregados deben cumprir coa regulación establecida cos dereitos de autor. No caso

de non facelo, a organización non se fará cargo. No caso de que corresponda aboar dereitos de autor a organización non se fará cargo, e será responsabilidade da compañía a súa liquidación.

A participación presúpón que os autores son os titulares dos dereitos de propiedade intelectual sobre a obra presentada por eles a este concurso e que non cederon os dereitos sobre ela a terceiros e ostentan en exclusividade os dereitos de autoría, polo que queda eximida a organización do Certame de calquera conflito de publicación ou utilización das obras presentadas e dos que puidera derivarse.

Os autores ceden á organización do Certame os dereitos de comunicación pública de forma indefnida. Neste sentido, os autores renuncian a favor da Asociación Cultural Telón e Aparte a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autoría.

A difusión e /ou reprodución da obra no marco do concurso non poderá lesionar a terceiros asumindo persoalmente o autor calquera responsabilidade que puidera derivarse.

A organización resérvase o dereito de tomar imaxes das pezas para empregar en redes sociais ou prensa.

### 9º ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN

A inscrición ao **Certame de Micro-Escenas M<sup>2</sup>** implica a aceptación destas bases.

A organización estará facultada para dirimir calquera eventualidade non prevista nelas e terá así mesmo, capacidade de interpretación a cantos efectos procedan.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamentos dos seus datos persoais é a AC Telón e Aparte, con enderezo en Rúa do Pan s/n, 15100-Carballo (A Coruña); [lop@fiot.gal](mailto:lop@fiot.gal). Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo a AC Telón e Aparte dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar va súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: [lop@fiot.gal](mailto:lop@fiot.gal).